



EMPREGO
GALICIA



Cofinanciado pola
Unión Europea



SERVICIO PÚBLICO
DE EMPLEO SOCIAL
SEPE



Sistema Nacional de
Garantía Juvenil



Fondos Europeos



BASES DO PROCESO DE SELECCIÓN DO **PERSOAL DOCENTE** DO PROGRAMA DE FORMACIÓN-EMPREGO TALENTO MOZO DE REDONDELA, PARA PERSOAS MOZAS INCLUÍDAS NO FICHEIRO DO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL PROMOVIDO POLO CONCELLO DE REDONDELA

PRIMEIRA-DENOMINACIÓN:

A Orde do 9 de marzo de 2026, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de programas de formación-emprego Talento mozo para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027 e se procede á súa convocatoria para os anos 2026 e 2027 (código de procedemento TR353B), publicouse no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) núm.: 58, do 27/03/2026.

Esta orde ten por obxecto o establecemento das bases reguladoras así como a convocatoria para os anos 2026 e 2027, en réxime de concorrência competitiva, respectando os principios de obxectividade, igualdade, transparencia e publicidade, das axudas e subvencións para a realización de programas de formación-emprego Talento mozo dirixidos a mellorar a ocupabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

O obxectivo da presente convocatoria é poñer en marcha o programa formación-emprego “Talento mozo de Redondela” dirixido a mellorar a ocupabilidade das persoas de dezaioito ou máis anos incluídas no Ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da súa cualificación profesional en alternancia coa adquisición de experiencia laboral, mediante a realización de obras ou a prestación de servizos de utilidade pública ou interese social.

O Concello de Redondela presentou, con data 24/04/2026, a solicitude da subvención para o desenvolvemento do proxecto do Programa de formación-emprego Talento mozo de Redondela.

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración outorgou ao Concello de Redondela unha subvención de **483.995,36 €** para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego e os salariais derivados dos contratos de traballo que subscrita co alumnado- traballador, para a realización do proxecto do programa de formación-emprego talento mozo denominado “PROGRAMA DE FORMACIÓN- EMPREGO

Digna Rosa Rivas Gómez (1 para 1)
Adida
Data de Sinatura: 26/08/2026
HASH: 704ac038e822f9530b402aa51eb803e





EMPREGO
GALICIA



Cofinanciado pola
Unión Europea



Sistema Nacional de
Garantía Juvenil



Fondos Europeos



TALENTO MOZO DE REDONDELA”, con data de 15/07/2026 ao abeiro da Orde do 9 de marzo de 2026.

Na regulación deste procedemento de selección tense en conta ademais o establecido na Resolución de concesión da subvención, de data do 15/07/2026 con número de expediente TR353B-2026/000023-5 e as Instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos obradoiros duais de emprego e dos programas de formación-emprego talento mozo. Convocatoria 2026-2027, da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o emprego, de data de 17/04/2026.

Segundo o establecido nas devanditas instrucións, as entidades beneficiarias da subvención na admisión de persoas candidatas ao proceso de selección do persoal directivo, docente e de apoio, poderán empregar a oferta de emprego tramitada pola Oficina pública de emprego, a convocatoria pública ou ambas.

Estas bases deberán ser remitidas ao departamento territorial correspondente e expostas ao público nos taboleiros de anuncios da oficina de emprego que tramite as ofertas de emprego así como nos taboleiros de anuncios e na páxina web do concello de Redondela.

Para a selección deste persoal, o Concello de Redondela utilizará a oferta de emprego na oficina de emprego correspondente e a convocatoria pública mediante a publicación dun anuncio nun dos diarios de maior circulación da localidade e a exposición no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica (<https://redondela.sedelectronica.gal/>) e na páxina web, apartado Emprego Público, persoal temporal (<https://redondela.gal/categoria/empleo-publico/persoal-temporal/>) da entidade promotora así como no taboleiro de anuncios da oficina de emprego correspondente.

As prazas que se convocan son:

ESPECIALIDADE DE ALBANERÍA:

Experto/a docente en ALBANERÍA: A contratación será a xornada completa, por un período máximo de 12 meses e non poderá exceder a data de remate do programa de formación-emprego, incluídas as vacacións que lles correspondan. A persoa seleccionada ten que cumprir os requisitos para a impartición dos seguintes certificados de profesionalidade tal e como están recollidos no proxecto do Programa de Formación-Emprego “Talento mozo de Redondela”:





- EOCB0208- Operacións auxiliares de albanelería de fábricas e cubertas.
- EOCB0109- Operacións auxiliares de revestimentos continuos en construción.
- EOCJ0311-Operacións básicas de revestimentos lixeiros e técnicos en construción
- MF-1320_1-Tratamentos auxiliares revestimentos pezas ríxidas. (EOCB0209)

ESPECIALIDADE DE PINTURA DECORATIVA EN CONSTRUCCIÓN:

-Experto/a docente en PINTURA DECORATIVA EN CONSTRUCCIÓN: A contratación será a xornada completa, por un período máximo de 12 meses e **non poderá exceder a data de remate do programa de formación-emprego, incluídas as vacacións que lles correspondan**. A persoa seleccionada ten que cumprir cumpra os requisitos para a impartición dos seguintes certificados de profesionalidade tal e como están recollidos no proxecto do Programa de Formación- Empleo “Talento mozo de Redondela”:

- EOCB0110- Pintura decorativa en construción.
- EOCB0109-Operacións auxiliares de revestimentos continuos en construción.

O Concello de Redondela, como entidade promotora, formalizará por escrito os CONTRATOS DE TRABAJO TEMPORAL DE DURACIÓN DETERMINADA VINCULADO A PROGRAMAS FINANCIADOS CON FONDOS EUROPEOS, A TEMPO COMPLETO (CÓDIGO 406) do persoal do proxecto que fose seleccionado e figure como tal nas actas do órgano de selección.

As retribucións brutas mensuais por persoa (incluída a pro rata de paga extra), a tempo completo, serán de 2.229,67 €.

SEGUNDA-FUNCIÓNS PRINCIPAIS A DESENVOLVER:

As funcións que corresponden ao posto de traballo de EXPERTOS/AS DOCENTES son:

- a) Programar os contidos do plan formativo da especialidade.
- b) Impartir os contidos teóricos e prácticos aplicando a metodoloxía didáctica axeitada.
- c) Avaliar a aprendizaxe do alumnado.
- d) Manter a disciplina do alumnado do seu módulo dando conta das incidencias que se produzan á dirección do proxecto.
- e) Responsabilizaranse do bo uso e custodia dos materiais, ferramentas e maquinaria que lles sexan asignados así como a organización da aula-taller e espazos de execución dos traballos.
- f) Poderán ocuparse do desenvolvemento e impartición de materias complementarias,





segundo as necesidades para o bo desenvolvemento e funcionamento do proxecto.

TERCEIRA-REQUISITOS QUE DEBEN REUNIR OU CUMPRIR AS PERSOAS ASPIRANTES:

As persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos para ser admitidas na presente convocatoria:

-Requisitos xerais:

- Ser español/a. As persoas nacionais dos demais estados membros da Unión Europea e as persoas estranxeiras residentes en España poderán acceder en igualdade de condicións que a cidadanía española a aqueles sectores da función pública aos que segundo o Dereito Comunitario sexa de aplicación a libre circulación de persoas traballadoras. Deberán acreditar a súa nacionalidade ou a súa residencia respectivamente e o cumprimento das condicións establecidas para todas as persoas aspirantes, mediante tarxeta acreditativa orixinal en vigor ou fotocopia, da súa identidade, expedida polas autoridades competentes do seu país de orixe.
- Posuír a capacidade e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das tarefas habituais e funcións do posto ao que aspira.
- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado/a ou inhabilitado/a. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público..
- Non estar incurso/a en causas de incompatibilidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas. Antes de asinar o contrato de traballo, a persoa interesada terá que facer constar que non ocupa ningún posto de traballo nin realiza ningunha actividade no sector público delimitado polo art. 1 da Lei 53/1984 e que non percibe pensión de xubilación, retiro ou orfandade. Se realiza algunha actividade privada, incluída a de carácter profesional, terao que declarar no prazo de dez días naturais contados a partir do día de inicio da contratación, para que a corporación acorde a declaración de





compatibilidade ou incompatibilidade.

- Posuír un bo nivel de comprensión oral e escrita.
- Estar en condicións de incorporarse ao posto de traballo na data do inicio do proxecto formativo ou naquela que se lle indique.
- Comprometerse activamente no adecuado desenvolvemento do proxecto formativo, como medida activa de fomento do emprego.
- Coñecemento da normativa que regula o programa de emprego para persoas mozas incluídos no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil

-Requisitos específicos:

Os/as expertos docentes **teñen que acreditar competencia docente** (Certificado Profesional de Habilitación para a Docencia en Grados A, B e C do Sistema de Formación Profesional/Certificado de profesionalidade de formador/a ocupacional ou de docencia de formación profesional para o emprego).

Poderán acreditar tamén a competencia docente requirida con:

- Licenciatura/diplomatura en pedagogía, psicopedagogía ou mestre/a (ou título de grao no ámbito da psicoloxía ou da pedagogía ou posgrao neses ámbitos).
- Título de especialización didáctica expedida polo Ministerio de Educación e Ciencia ou equivalente.
- Experiencia docente contrastada de polo menos 600 horas, nos últimos 7 anos, en formación profesional para o emprego ou do sistema educativo.

Os requisitos mínimos exixidos para a impartición do certificado de profesionalidade que son os seguintes:

ESPECIALIDADE FORMATIVA ALBANERÍA:

Experto/a docente en ALBANERÍA: Contratación dun/ha experto/a docente que cumpra os requisitos para a impartición dos seguintes certificados:

- EOCB0208- Operacións auxiliares de albanería de fábricas e cubertas.
- EOCB0109- Operacións auxiliares de revestimentos continuos en construción.
- EOCJ0311- Operacións básicas de revestimentos lixeitos e técnicos en construción
- MF-1320_1.-Tratamentos auxiliares revestimentos pezas rixidas. (EOCB0209)



Experiencia profesional mínima de 1 ano (nos últimos 10 anos) relacionada coa especialidade formativa e algunha das seguintes titulacións:	Licenciado/a- Diplomado/a, Enxeñeiro/a-Enxeñeiro/a técnico/a, Arquitecto/a- Arquitecto/a técnico/a ou título de grado correspondente ou outros títulos equivalentes, relacionados coa especialidade.
	Técnico/a e Técnico/a superior da familia profesional de Edificación e Obra Civil
	Certificados de profesionalidade de nivel 2 e nivel 3 da familia profesional de Edificación e Obra civil e das dúas seguintes áreas profesionais: Albanelería e acabados e de Colocación e montaxe.
Ou:	
Experiencia profesional mínima de 4 anos (nos últimos 12 anos) relacionada coa especialidade formativa, sen a titulación.	

-ESPECIALIDADE FORMATIVA PINTURA DECORATIVA EN CONSTRUCCIÓN:

Experto/a docente en PINTURA DECORATIVA EN CONSTRUCCIÓN: Contratación dun/ha experto/a docente que cumpra os requisitos para a impartición dos seguintes certificados:

-EOCB0110- Pintura decorativa en construción.

-EOCB0109- Operacións auxiliares de revestimentos continuos en construción.

Experiencia profesional mínima de 1 ano (nos últimos 10 anos) relacionada coa especialidade formativa e algunha das seguintes titulacións:	Licenciado/a-Diplomado/a, Enxeñeiro/a-Enxeñeiro/a técnico/a, Arquitecto/a-Arquitecto/a técnico/a ou título de grado correspondente ou outros títulos equivalentes, relacionados coa especialidade.
	Técnico/a superior da familia profesional de Edificación e Obra Civil
	Certificados de profesionalidade de nivel 3 da familia profesional de Edificación e Obra civil e da área profesional de: Albanelería e acabado
Ou:	
Experiencia profesional mínima de 4 anos (nos últimos 12 anos) relacionada coa especialidade formativa, sen a titulación.	

As titulacións académicas acreditaranse mediante fotocopia do título ou no seu caso, do resgardo de ter efectuado o depósito para obtelo, ou certificación oficial de ter superados os estudos conducentes para a súa expedición. En caso de titulacións obtidas no estranxeiro, a persoa aspirante terá que estar en posesión da credencial que acredite a homologación xunto coa tradución ao castelán ou galego, no seu caso. A titulación mínima unicamente se terá en conta para determinar a admisión da persoa candidata, non sendo obxecto de valoración posterior.





En todo caso, as persoas aspirantes deberán posuír os requisitos (xerais e mínimos) ou estar en condicións de obtelos na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes.

CUARTA-PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

A admisión de persoas candidatas ao proceso de selección do persoal realizarase a través de convocatoria pública. As persoas interesadas deberán presentar unha instancia (ANE-XO I) cuxo modelo se facilitará no rexistro xeral, na sede electrónica ou na páxina web do concello (www.redondela.gal) e será dirixida á Alcaldía.

O feito de presentar a solicitude de participación implica que a persoa interesada manifesta reunir todas e cada unha das condicións esixidas na convocatoria, na data na que remate o prazo de presentación de instancias e que acepta e acata as bases desta convocatoria para tomar parte no proceso selectivo.

A presentación de solicitudes poderá facerse no rexistro xeral ou na sede electrónica do Concello de Redondela ou en calquera das formas establecidas no art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, **no prazo de 3 días hábiles**, a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio desta convocatoria nun **dos diarios de maior tirada na localidade** ou a **contar dende o día seguinte ao do requirimento efectuado polo concello a través do correo electrónico para as persoas candidatas remitadas pola oficina de emprego.**

O **número mínimo** de persoas candidatas a preseleccionar pola oficina de emprego **será de 3 por posto (preferiblemente 5 por posto) que cumpran os requisitos mínimos e estean acreditados**. O ámbito xeográfico da sondaxe será o Concello de Redondela, entidade promotora do proxecto, e só no caso de non atoparse persoas candidatas suficientes, ampliarase a sondaxe, cos mesmos requisitos, do ámbito da oficina de emprego aos concellos limítrofes e ata o ámbito provincial. Se a oficina de emprego non acada un número mínimo de tres persoas candidatas por posto ou se ningún cumpre os requisitos mínimos, poderase de maneira extraordinaria e con validez unicamente para o posto do proceso de que se trate, flexibilizar os requisitos mínimos esixidos (respectando sempre a normativa vixente referente a cada certificado profesional no momento da selección) co fin de acadar persoas candidatas suficientes. Unha vez adoptada esta decisión, volverase a valorar ás persoas candidatas coa finalidade de determinar se cumpren os novos requisitos mínimos esixidos e só no caso de que esas persoas





candidatas non cumbran os novos requisitos, o concello acudirá á presentación dunha nova oferta de emprego ante o Servizo Público de Emprego de Galicia. A oficina de emprego comunicará ás persoas candidatas a forma, lugar e prazo de presentación no Concello de Redondela da documentación acreditativa dos seus méritos.

As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas pola persoa funcionaria de Correos antes de seren certificadas.

No caso de non presentar a instancia no rexistro ou na sede electrónica do Concello de Redondela, a persoa aspirante deberá dirixir ao enderezo electrónico: persoal@redondela.gal, e con anterioridade ao remate do prazo, unha copia da instancia na que conste o rexistro de entrada e a documentación que achegue, para os efectos de que poida ser incluída na relación de persoas admitidas.

No caso de que se presente a instancia a través de sede electrónica, por razóns de eficiencia, axilidade e seguridade na tramitación do procedemento, a documentación adxunta á solicitude deberá subirse nun único documento ou de ser tecnicamente inviable, debe realizarse no menor número de follas posibles ou nun arquivo comprimido. Todos os documentos deberán ter un título que facilite a súa identificación.

As persoas aspirantes con diversidade funcional que precisen adaptación de medios e tempos e outros axustes razoables para realizar os exercicios nos que a adaptación fose necesaria, deberán indicar na súa solicitude de participación as necesidades específicas que teñan para acceder ao proceso de selección en cada unha das súas fases ou exercicios en atención a súa diversidade funcional, as cales deberán gardar relación directa coa proba a realizar e deberán acreditar a citada diversidade funcional, segundo o previsto na Orde PJC/804/2025, do 23 de xullo, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de medios e tempos e a realización doutros axustes razoables nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con diversidade funcional.

Por razóns de eficiencia e axilidade na tramitación do procedemento, a documentación só se compulsará ás persoas que sexan propostas polo órgano de selección para a contratación, as cales deberán achegar a documentación orixinal no intre en que llelo solicite o concello.





As persoas aspirantes quedan vencelladas aos datos que consten na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán emendarse ou repararse en calquera momento ben de oficio, ben a instancia de parte.

Coa instancia ANEXO I, **as persoas aspirantes achegarán a seguinte documentación:**

- Fotocopia do DNI, en vigor ou a tarxeta acreditativa da súa identidade, en vigor, expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns/ás comunitarios/as.
- Acreditación dos requisitos específicos para o posto (Base terceira).
- Orixinais ou copias da **documentación que se achegue como méritos** das situacións recollidas na **fase de concurso** (Base oitava).

A documentación presentarase ordenada seguindo a orde establecida no **Anexo I** destas bases e indicando a relación de documentos que presenta para ser valorados.

Para xustificar os méritos ou as situacións a valorar, as persoas aspirantes que deban achegar documentación procedente doutros organismos oficiais que non lla tivesen facilitado antes da finalización do prazo de presentación da documentación, deberán achegar neste prazo, a correspondente solicitude ou copia, xunto cunha declaración comprometéndose a presentala nos dous días seguintes a aquel no que lle fose expedida. En todo caso, non procederá a súa valoración se non fose presentada antes da data da sesión de valoración do concurso.

QUINTA-ADMISIÓN DE PERSOAS ASPIRANTES:

Tras finalizar o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ou o órgano no que delegue, aprobará a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, xunto coa causa da súa exclusión. Esta resolución publicárase na sede electrónica, na páxina web, apartado Emprego Público, persoal temporal (<https://redondela.gal/categoria/empleo-publico/persoal-temporal/>) e no taboleiro de anuncios do concello.

As persoas excluídas poderán presentar as alegacións que estimen oportunas ou a documentación a subsanar requirida polo órgano de selección, no prazo de **dous (2) días hábiles**, a contar dende o día seguinte ao da publicación da dita relación.

Estas emendas non serán aplicables respecto dos méritos alegados pero non achegados nin dos requisitos establecidos





No caso de non presentar a alegación no rexistro ou na sede electrónica do Concello de Redondela, a persoa aspirante deberá remitir unha copia da reclamación rexistrada xunto coa documentación que achegue ao enderezo electrónico: persoal@redondela.gal, con anterioridade ao remate do prazo.

A lista provisional de persoas admitidas e excluídas elevarase automaticamente a definitiva se non se presentan reclamacións. De haber reclamacións e resoltas estas, a Alcaldía aprobará a lista definitiva que se exporá na sede electrónica, na páxina web e no taboleiro de anuncios do concello.

Na resolución pola que se aproba a lista de persoas admitidas e excluídas fixarase o órgano de selección, a data, hora e lugar de realización da fase de oposición, quedando convocadas as persoas aspirantes para a realización desta fase coa exposición desta resolución, que se publicará na sede electrónica, na páxina web (<https://redondela.gal/categoria/empleo-publico/persoal-temporal/>) e no taboleiro de anuncios do concello.

O feito de figurar incluído/a na relación de persoas admitidas non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas posuír os requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que as persoas aspirantes admitidas superen o proceso selectivo.

Contra a resolución da Alcaldía, aprobatoria da lista definitiva, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao desta resolución (artigo 124, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas) ou ben recurso contencioso-administrativo perante a sección do contencioso-administrativo do Tribunal de Instancia de Vigo, segundo o artigo 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso -administrativa.

SEXTA-ÓRGANO DE SELECCIÓN:

O proceso selectivo será xulgado por un órgano de selección que estará integrado por 5 membros que serán nomeados pola Alcaldía, segundo o disposto nos artigos 59 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e no artigo 60, do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público (EBEP), dos que se designarán suplentes.

O órgano de selección serán colexiado e a súa composición deberá axustarse aos





principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home. Todas as persoas integrantes do órgano de selección deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo e todas terán voz e voto:

-Presidente/a: Un/ha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo ao servizo de calquera das administracións públicas.

-Vogal: Tres funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo ao servizo de calquera das administracións públicas.

-Secretario/a: Un/ha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo ao servizo de calquera das administracións públicas.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén. Non poderán formar parte dos órganos de selección as persoas de elección ou designación política nin o persoal funcionario interino e o persoal eventual. Os órganos de selección actúan con plena autonomía no exercicio da súa discrecionalidade técnica e os seus membros son persoalmente responsables da transparencia e obxectividade do procedemento, da confidencialidade das probas e do estrito cumprimento das bases da convocatoria e dos prazos establecidos para o desenvolvemento do proceso selectivo.

Os membros dos órganos de selección deberán absterse de intervir, comunicándolle á Alcaldía a concorrencia neles dalgunha das circunstancias previstas no artigo 23, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público. Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do órgano de selección cando concorran neles algunha das circunstancias previstas para a abstención, de conformidade co establecido no artigo 24, da citada lei.

O órgano de selección deberá constituírse na data se que designe, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros do órgano de selección, titulares ou suplentes. Na sesión constitutiva de cada órgano de selección adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas. As decisións adoptaranse por maioría de votos, resolvendo os empates co voto de calidade do/a presidente/a do órgano de selección.

En cada sesión do órgano de selección poderán participar os membros titulares presentes no momento da súa constitución, e se están ausentes, os suplentes, sen que poidan





substituírse entre si na mesma sesión.

A partir da sesión constitutiva, o órgano de selección requirirá, para actuar validamente, a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes. Se o órgano de selección se constituíse cun/ha suplente, isto non implica que a persoa titular non poida incorporarse a este con posterioridade. O órgano de selección axustará as súas actuacións en todo momento ao disposto nas Leis 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público e ás bases xerais e específicas reguladoras da convocatoria.

Non obstante, o órgano de selección resolverá as dúbidas que poidan xurdir da aplicación das bases, podendo tomar os acordos que correspondan para aqueles supostos non previstos nas bases sempre respectando a lexislación vixente nesta materia.

Se en calquera momento do proceso selectivo chegase a coñecemento do órgano de selección que algunha das persoas aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, previa audiencia da persoa interesada, deberá propoñerlle ao/á presidente/a a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.

O órgano de selección adoptará as medidas precisas naqueles casos que resulte necesario para que as persoas aspirantes con diversidade funcional gocen de similares condicións para realizaren os exercicios que o resto das persoas aspirantes, dispoñendo, no seu caso, as posibles adaptacións de tempo e de medios.

Os membros dos órganos de selección deberán absterse de intervir, comunicándolle á Alcaldía a concorrencia neles dalgunha das circunstancias previstas no artigo 23, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público. Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do órgano de selección cando concorra neles algunha das circunstancias previstas para a abstención, de conformidade co establecido no artigo 24, da citada lei.

Se en calquera momento do proceso selectivo chegase a coñecemento do órgano de selección que algunha das persoas aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, previa audiencia da persoa interesada, deberá propoñerlle ao/á presidente/a a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.





O órgano de selección poderá acordar a asistencia das persoas asesoras especialistas que considere oportunos para todas ou algunha das probas, con voz e sen voto, cando a natureza ou as circunstancias dalgunha das probas así o aconselle, limitándose as mencionadas persoas asesoras a prestaren a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

O Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, no que se regula a indemnización regulamentaria que, de acordo co previsto no seu articulado, proceda abonar pola participación en «tribunais de oposicións e concursos encargados da selección de persoal ou de probas cuxa superación sexa necesaria para o exercicio de profesións ou para a realización de actividades, establece que, os membros dos tribunais de oposicións e concursos así como, no seu caso, as persoas colaboradoras técnicas, administrativas e de servizos de ditos órganos, serán indemnizados pola asistencia a estes, nos supostos previstos neste real decreto e no acordo da Mesa Xeral de Negociación do Concello de Redondela do día 25/02/2022.

SÉTIMA-DESENVOLVEMENTO DOS EXERCICIOS:

1 As persoas aspirantes deberán ir provistas do DNI, permiso de conducir, pasaporte o documento equivalente, en caso de persoas estranxeiras, en vigor e serán convocadas en chamamento único, salvo casos de forza maior debidamente xustificados e apreciados polo órgano de selección con absoluta liberdade de criterio. Con carácter xeral, a non presentación dunha persoa aspirante ao exercicio no momento de ser chamada determinará automaticamente o decaemento dos seus dereitos a participar nel, quedando excluída do procedemento selectivo.

2 O órgano de selección poderá requirir, en calquera momento, ás persoas aspirantes que acrediten a súa identidade.

3 A orde de actuación das persoas aspirantes para realizar esta fase comezará por aquelas cuxo primeiro apelido comece pola letra que resulte do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da administración da Comunidade Autónoma de Galicia do ano en que se celebre o proceso selectivo. Para o ano 2026 a orde de actuación das persoas aspirantes será por orde alfabética a partir da letra M.

4 No suposto de que haxa persoas aspirantes con diversidade funcional que expresamente solicitaran a adaptación de medios e tempos e outros axustes razoables para realizar os exercicios nos que a adaptación fose necesaria, o órgano de selección, á





vista da documentación achegada, resolverá sobre a solicitude de adaptacións medios e tempos e outros axustes razoables para a realización das probas selectivas, en función das circunstancias específicas de cada proba selectiva e os criterios xerais previstos na Orde PJC/804/2025, do 23 de xullo, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de medios e tempos e a realización doutros axustes razoables nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con diversidade funcional.

5 Os exercicios celebraranse a porta pechada sen outra asistencia que a dos membros do órgano de selección, as persoas colaboradoras designadas por este, no seu caso, e as persoas opositoras, agás a lectura polas persoas opositoras dos exercicios escritos, cando o acorde o órgano de selección, que se realizarán en sesión pública. Neste caso, a persoa aspirante que non acuda á lectura pública será declarada non apta e polo tanto eliminada do proceso selectivo.

6 O órgano de selección disporá os medios que estime oportunos para garantir o anonimato das persoas aspirantes na realización dos exercicios, salvo naqueles que pola súa natureza non sexa posible realizar de forma anónima. Nos casos dos exercicios nos que deba garantirse o anonimato, as persoas aspirantes non poderán realizar ningunha sinal identificativa nas follas utilizadas para a súa realización. De non observar esta regra serán automaticamente eliminadas do correspondente proceso selectivo, sen que se proceda nin sequera á corrección do exercicio.

7 Tras concluír as fases de oposición e concurso, o órgano de selección publicará as puntuacións obtidas polas persoas aspirantes na sede electrónica, na páxina web, apartado Emprego Público, persoal temporal (<https://redondela.gal/categoria/empleo-publico/persoal-temporal/>) e no taboleiro de anuncios do concello.

8. O prazo para **presentar reclamacións ás puntuacións será de dous (2) días hábiles** que se contarán dende o día seguinte ao da publicación das notas no **taboleiro de anuncios**.

No caso de non presentar a alegación no rexistro ou na sede electrónica do Concello de Redondela, a persoa aspirante deberá dirixir ao enderezo electrónico: persoal@redondela.gal, con anterioridade ao remate do prazo, unha copia da reclamación rexistrada.

9 Contra os acordos do órgano de selección poderá interpoñerse recurso administrativo de alzada ante á Alcaldía, segundo o previsto no artigo 121, da Lei 39/2015, do 1 de outubro,





do procedemento administrativo común das administracións públicas, con independencia de calquera outro recurso ou reclamación que no seu caso proceda.

OITAVA-SISTEMA DE SELECCIÓN:

O sistema de selección constará de dúas fases:

-1º Fase de oposición.

-2º Fase de concurso.

-FASE DE OPOSICIÓN: (Puntuación máxima: 10 puntos, que suporá o 60% da puntuación total).

Consistirá en realizar un ou varios supostos prácticos (que poderán ser realizados de forma escrita ou oral) propostos libremente polo órgano de selección tanto respecto ao seu número como a súa natureza e relacionados coas funcións do persoal docente durante a execución dun programa de emprego e recollidas na base segunda.

Na valoración do presente exercicio o órgano de selección apreciará as aptitudes, destrezas profesionais e capacidade de resolución da persoa aspirante, o rigor analítico, a síntese e a claridade expositiva, os coñecementos xerais e específicos e a capacidade de expresión oral e escrita, no caso de que a proba así o requira. .

O exercicio, no caso de ser escrito, poderá ser:

-Lido pola persoa aspirante, tras o cal o órgano de selección poderá dialogar co/a aspirante co fin de determinar os seus coñecementos sobre o contido deste ou lido polo propio órgano de selección a decisión deste último, debéndose garantir, no suposto de lectura polo órgano de selección o anonimato das persoas aspirantes adoptándose as previsións que resultasen oportunas para ese efecto na súa fase de execución e posterior valoración deste.

No caso de que o exercicio sexa oral, o órgano de selección tamén poderá dialogar coa persoa aspirante con fin de determinar os seus coñecementos.

O contido e tempo deste/s suposto/s prácticos será determinado polo órgano de selección con anterioridade á realización deste/s.

Esta fase cualificarase de cero (0) a dez (10) puntos e será preciso acadar un mínimo de cinco (5) puntos para superala.





-FASE DE CONCURSO: (Puntuación máxima: 10 puntos, que suporá o 40% da puntuación total)

Tras finalizar a fase de oposición, o órgano de selección pasará a baremar a documentación e as circunstancias acreditadas polas persoas aspirante correspondentes á fase de concurso que foron presentadas por **aquelas persoas que superaran a fase de oposición.**

O órgano de selección poderá acordar que a realización da fase de concurso se realice inmediatamente despois de finalizar a fase de oposición ou ben, nunha data posterior. Neste último suposto, a data de realización da fase de concurso será publicada na sede electrónica, na páxina web, apartado Empleo Público, persoal temporal (<https://redondela.gal/categoria/empleo-publico/persoal-temporal/>) e no taboleiro de anuncios do concello.

Para tal efecto, só se terán en conta as situacións ou méritos dos que se xustifique documentalmente telos antes do remate do prazo de presentación de instancias. Os méritos que non se acheguen ou aleguen coa instancia ou non se acrediten antes a data da sesión de avaliación non se terán en conta polo órgano de selección.

Para xustificar os méritos, as persoas aspirantes que deban achegar documentación procedente doutros organismos oficiais que non lla tivesen facilitado antes da finalización do prazo de presentación de instancias, deberán achegar coa instancia, a correspondente solicitude realizada ao organismo que corresponda e presentar posteriormente a documentación pendente de entrega. En todo caso, non procederá a súa valoración se non fose presentada antes da data da sesión de valoración do concurso. Tendo en conta que a data da fase de concurso pode coincidir coa data da fase de oposición de acordo coa decisión que adopte o órgano de selección, a data de referencia para a presentación desta documentación, será o día anterior á data da fase de oposición.

O órgano de selección poderá solicitar que se complete ou aclare a documentación presentada para xustificar os méritos achegados, pero non pedir nova documentación para acreditar méritos só alegados.

Para calcular os períodos de tempo tomarase como referencia **a data da resolución pola que se aproban as bases reguladoras deste proceso selectivo.**

Os méritos alegados polas persoas candidatas valoraranse segundo o seguinte **BAREMO:**



**1-FORMACIÓN COMPLEMENTARIA. Puntuación máxima:.....2 puntos.**

-Só se valorarán os cursos de duración igual ou superior a 20 horas, relacionados directamente coas funcións a desenvolver no posto e realizados nos últimos 10 anos. (Este límite non será de aplicación áos másteres, cursos de postgrao, cursos de especialización, titulacións regradas complementarias, etc.).

-Só se valorarán os cursos organizados por centros oficiais dependentes da Administración do Estado, da comunidade autónoma ou da Administración local, universidades, colexios oficiais ou escolas da Administración pública (incluídos os organizados por sindicatos no marco do Acordo nacional de formación continua).

-Non se terán en conta os certificados ou diplomas nos que non se especifique o contido e a duración do curso en número de horas. No caso de que no documento aparezan créditos, será necesario presentar a validación en horas.

-A asistencia a xornadas, simposios ou congresos non serán obxecto de valoración.

-No caso de acreditar varios cursos de materias ou contidos similares, só se valorará o que sexa máis favorable para a persoa aspirante. Non se valorarán por separado módulos ou unidades integrantes dun título.

-No caso dos cursos de prevención de riscos laborais, só se valorará o superior alegado.

a-Formación complementaria relacionada: Puntuación máxima 0,80 puntos.

	Puntos por curso
Cursos de 20 a 49 horas	0,10
Cursos de 50 a 199 horas	0,30
Cursos a partir de 200 horas	0,50
Titulación académica distinta á mínima esixida para participar no proceso, másteres, cursos de postgrao, cursos de especialización, etc, sempre que esten relacionados co posto.	0,80

b-Formación informática: Puntuación máxima 0,80 puntos.

	Puntos por curso
Sistema operativo, busca información en internet/intranet e correo electrónico	0,16
Aplicacións informáticas de tratamento de textos	0,16
Aplicacións informáticas follas de cálculo	0,16
Aplicacións informáticas de base de datos relacionais	0,16
Aplicacións informáticas para presentacións gráficas de información	0,16

c-Formación en prevención de riscos laborais: Puntuación máxima 0,40 puntos.



	Puntos por curso
Curso básico	0,10
Curso medio	0,20
Curso superior	0,40

2-EXPERIENCIA PROFESIONAL. Puntuación máxima.....6 puntos.

-So se terá en conta a experiencia profesional dos últimos 12 anos.

-Para **acreditar os traballos por conta allea** presentarse informe de vida laboral actualizado (expedido con data posterior á data da resolución pola que se aproban as bases) máis copia de contratos de traballo ou nómina onde figure a categoría profesional ou certificados expedidos por organismos oficiais ou outros documentos oficiais que reflectan claramente o posto desempeñado, a categoría e a duración da relación laboral.

-Para **acreditar traballos por conta propia** (traballadores/as autónomos/as) deberá presentarse informe de vida laboral actualizado (expedido con data posterior á publicación das bases), xustificante de alta en actividades económicas ou documento que o acredite e facturas ou contratos nos que consten os servizos prestados.

-Para **acreditar traballos realizados no estranxeiro** será necesario presentar certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión desempeñada, a categoría profesional e o tempo de permanencia, que deberá estar traducida oficialmente en castelán ou galego.

- A experiencia profesional mínima exixida como requisito para acceder ao proceso selectivo non poderá ser obxecto de valoración neste apartado.

-O cómputo da experiencia realizarase por meses completos de traballo, de acordo cos datos reflectidos no informe de Vida Laboral en proporción á xornada laboral e non soamente segundo a duración do contrato (é dicir, se se require un ano de experiencia para un posto, este terá que ser a xornada completa; no caso de ser media xornada, requiriranse dous anos de contrato para xustificar un ano de experiencia).

-A categoría a ter en conta será, exclusivamente, a que figure no contrato ou na nómina.

-Só se valorará a experiencia relacionada coa especialidade formativa a impartir ou coa actividade a desenvolver no proxecto formativo, no ámbito empresarial ou de obradoiros de emprego; e nunha categoría mínima de Oficial de 1ª).



	Puntos por mes
Experiencia docente en EO/CO/OE na especialidade	0,08
Experiencia docente en FP ocupacional ou regrada con maiores de 16 anos	0,06
Experiencia profesional relacionada	0,04

3-COÑECEMENTO DO IDIOMA GALEGO: Puntuación máxima:.....1 punto.

-Acreditarase mediante certificacións ou diplomas as titulacións homologadas pola Secretaría Xeral da Lingua da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude. De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

	Puntos por curso
Certificado de lingua galega Celga 3 ou equivalente:	0,25
Certificado de lingua galega Celga 4 ou equivalente:	0,50
Linguaxe administrativa nivel medio:	0,25
Linguaxe administrativa nivel superior:	0,50

4-SITUACIÓN DE DESEMPREGO: Puntuación1 punto.

-Acreditarase mediante tarxeta de demanda de emprego ou documento que reflita claramente esa situación.

-Non se terán en conta situacións de mellora de emprego.

NOVENA-ORDENACIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES:

Tras rematar a cualificación, o órgano de selección publicará na sede electrónica, na páxina web, no apartado de Emprego Público, persoal temporal (<https://redondela.gal/categoria/empleo-publico/persoal-temporal/>) e no taboleiro de anuncios do concello, a relación de persoas propostas para participar no proxecto por orde de puntuación obtida, cunha relación de reservas por orde da puntuación obtida por se fose necesario cubrir algunha baixa ou renuncia das persoas seleccionadas en calquera momento da duración do proxecto.

As ditas puntuacións finais virán dadas pola suma dos puntos acadados en cada fase e determinarán a orde de prelación das persoas aspirantes constituíndo a proposta para a súa posterior contratación polo concello.

No caso de empate na puntuación final, os postos adxudicaranse ás persoas aspirantes que obtiveran a maior puntuación, segundo a seguinte orde:

- a) O maior tempo acreditado como desempregado/a, non en mellora de emprego.





- b) Completar na súa totalidade contratos anteriores como docente en programas ou obradoiros duais de emprego subvencionados pola consellería competente en materia de emprego da Xunta de Galicia.
- c) A puntuación acadada nas probas de aptitude e/ou coñecementos, de terse realizado.
- d) A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional.
- e) A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego.
- f) A puntuación obtida no apartado de cursos realizados.
- g) O de maior idade.

Todas as persoas aspirantes dispoñerán dun prazo de (2) dous días hábiles, desde o día seguinte á publicación deste anuncio, para efectuar as reclamacións ou observacións oportunas contra a mencionada lista.

Tras resolver, no seu caso, as reclamacións, o órgano de selección elevará á Alcaldía, xunto coa acta da sesión, a proposta definitiva, por orde de puntuación, que se publicará na sede electrónica, na páxina web e no taboleiro de anuncios do concello.

Elaborada a proposta de candidato/a a persoal docente, elevará a dita relación á Alcaldía e deberá remitila á correspondente departamento territorial que deberá verificar que o persoal docente cumpre todos os requisitos necesarios para participar no proxecto. Se algún dos candidatos proposto non cumprira os ditos requisitos o departamento comunicarllo a entidade promotora para que poida substituílo pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva. A contratación non se poderá facer efectiva en tanto as persoas seleccionadas non sexan validadas polo persoal técnico do departamento territorial, con independencia do sistema de selección empregado.

Verificados polo departamento territorial, se procederá a formalizar os correspondentes contratos de traballo.

Tras rematar o procedemento de selección, o concello **remitirá á oficina de emprego e/ou departamento territorial correspondente a documentación xustificativa do procedemento e a relación da persoa seleccionada** como persoal directivo. Toda esta documentación deberá poñerse a disposición do respectivo departamento territorial a través do aplicativo FORMAN.

As persoas seleccionadas terán que comunicar por escrito ao Concello de Redondela, a súa **aceptación ou renuncia á praza**, coa presentación do modelo que se incorpora a estas bases como Anexo II, no prazo máximo de dous (2) días hábiles contados a partir do





día da publicación do resultado do proceso selectivo e achegando a seguinte documentación xunto cos orixinais, no seu caso, referida esta sempre á data de expiración do prazo de presentación de solicitudes:

1. Documento nacional de identidade, en vigor ou a tarxeta acreditativa da súa identidade, en vigor, expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns/ás comunitarios/as.
2. Titulación requirida.
3. Orixinais, no seu caso, dos documentos presentados na fase de concurso.
4. Certificado ou informe médico oficial, cunha antigüidade máxima de 3 meses, no que se faga constar que reúne as condicións físicas e sanitarias necesarias para o desenvolvemento das tarefas obxecto da convocatoria (de non conseguir no prazo indicado o documento médico, a persoa aspirante deberá presentar no prazo indicado xustificante da cita médica, e posteriormente o citado documento médico acreditativo).
5. Número de afiliación á Seguridade Social.
6. Certificado/xustificante do número de conta bancaria do que sexa titular.

Se transcorrido o devandito prazo non se confirma a praza, segundo o anterior, considera-se que renuncia á esta, que pasará a adxudicarse á seguinte persoa candidata con maior puntuación, tendo igualmente a obrigaón de comunicar a aceptación ou renuncia a dita praza.

DÉCIMA-FORMALIZACIÓN DE CONTRATOS:

Tras rematar o proceso selectivo e expirado o prazo de presentación de documentación, a Alcaldía, de acordo coa proposta do órgano de selección, procederá a formalizar os correspondentes contratos de traballo coas persoas seleccionadas.

DÉCIMO PRIMEIRA-LISTA DE RESERVA:

Tras rematar o proceso selectivo, o órgano de selección elaborará unha listaxe de reserva, integrada polas persoas candidatas que, tendo superadas todas as fases do proceso de selección, obtivesen as seguintes mellores puntuacións finais ás da persoa/s proposta/s para ocupar cada unha das prazas obxecto da convocatoria.

Esta lista empregarase para cubrir se fose necesario algunha baixa de incapacidade temporal, renuncia ou vacante que se produza unha vez iniciada a prestación da actividade polas persoas candidatas inicialmente seleccionadas.





No suposto de que a listaxe de reserva se esgotase ou que ningunha das persoas integrantes estivera dispoñible para a súa contratación polo Concello de Redondela, iniciárase un novo procedemento de selección segundo o previsto nestas bases, as cales seguirán sendo de aplicación, con independencia de que o novo proceso de selección se realice para a contratación dun/ha persoa substituta da persoa titular do posto por baixa por IT, por renuncia ou vacante, sendo a duración do contrato como máximo, en todos os casos, o que reste para a finalización do proxecto.

DÉCIMO SEGUNDA-NORMAS DE APLICACIÓN:

O só feito de presentar a instancia solicitando tomar parte nesta convocatoria constitúe sometemento expreso das persoas aspirantes ás presentes bases que teñen a consideración de lei reguladora desta convocatoria.

Para o non previsto nestas bases estarase ao establecido no Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público, na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na Lei 2/2015 do 29 de abril do emprego público de Galicia (LEG), no Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Orde do 9 de marzo de 2026, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de programas de formación-emprego Talento mozo para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para os anos 2026 e 2027 (TR353B), que se publicou no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) núm. 58, do 27/03/2026, normativa de aplicación; a Resolución de concesión da subvención, de data do 15/07/2026, con número de expediente TR353B-2026/000023-5, e Instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos obradoiros duais de emprego e dos programas de formación-emprego talento mozo. Convocatoria 2026-2027, da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o emprego, de data de 17/04/2026.

De xeito supletorio e para resolver dúbidas aplicaranse as Bases Xerais que regulan a convocatoria de procesos selectivos para cubrir prazas vacantes de persoal funcionario e laboral no Concello de Redondela, que se publicaron no BOPPO, núm.: 50, do 13/03/2015 e no núm.: 77, do 22/04/2016.





DÉCIMA TERCEIRA-IMPUGNACIÓN:

A convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos se deriven desta así como das actuacións do órgano de selección, poderán ser impugnadas polas persoas interesadas, nos casos e forma establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Contra as presentes bases, que son definitivas en vía administrativa, poderá interpoñerse alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes ante o mesmo órgano que ditou o acto ou recurso contencioso-administrativo ante a sección do contencioso-administrativo do Tribunal de Instancia de Vigo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da aprobación destas bases. Sen prexuízo do carácter administrativo dos actos que integran o procedemento da selección fiscalizables ante a xurisdición contencioso-administrativo, o réxime xurídico dos contratos será o da lexislación laboral, correspondendo aos xulgados do social o coñecemento das cuestións que se deriven do incumprimento destes.

DÉCIMA CUARTA-PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS:

De conformidade co establecido na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e a súa normativa de desenvolvemento e ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como das disposicións en materia de Protección de Datos que se atopen vixentes durante o período de vixencia destas bases, informámolo de que este concello é o responsable do tratamento e garda dos datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña. A finalidade do tratamento dos datos é a xestión deste procedemento.

A lexitimación para tratar estes datos deriva das bases xerais de convocatorias de procesos de selección de persoal do Concello de Redondela que se publicaron no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), número 50, do 13/03/2015 e polas súas rectificacións que se publicaron no BOPPO núm. 77, do 22/04/2016 e das presentes bases. Os datos persoais non serán comunicados a un terceiro, a non ser que deban facilitarse en cumprimento dunha obrigação legal. Os datos serán conservados o tempo necesario para poder levar a cabo o rexistro e as accións para as que se lle solicitaron.





EMPREGO
GALICIA



Cofinanciado pola
Unión Europea



SERVICIO PÚBLICO
DE EMPLEO ESTATAL
SEPE



Sistema Nacional de
Garantía Juvenil



Fondos Europeos



As persoas interesadas poden retirar o consentimento, no caso de que o outorgaran, en calquera momento, podendo exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, cando este último legalmente proceda, enviando unha comunicación ao enderezo electrónico: dpd@redondela.gal. Infórmase así mesmo do dereito para presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos, R / Jorge Juan, núm.: 6, 28001 Madrid (www.agpd.es).

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE





ANEXO I

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO DE SELECCIÓN DO PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE E DE APOIO ADMINISTRATIVO DO PROGRAMA DE FORMACIÓN-EMPREGO TALENTO MOZO DE REDONDELA, PARA PERSOAS MOZAS INCLUÍDAS NO FICHEIRO DO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL PROMOVIDO POLO CONCELLO DE REDONDELA.

DATOS IDENTIFICATIVOS DA PERSOA CANDIDATA

Nome e apelidos			
DNI / NIE		Data nacemento	
Enderezo			
Concello		CP	
Teléfono fixo		Teléfono móbil	
Correo electrónico			

A PERSOA CANDIDATA, cuxos datos constan no apartado anterior **SOLICITA** ser admitida no proceso selectivo para o posto de dentro do PROGRAMA DE FORMACIÓN- EMPREGO TALENTO MOZO DE REDONDELA, promovido polo CONCELLO DE REDONDELA e subvencionado pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ao abeiro da Orde reguladora do 9 de marzo de 2026, cofinanciado pola Iniciativa de Emprego Xuvenil e a Unión Europea no marco do programa FSE+Galicia 2021-2027 e declara coñecer as bases de convocatoria e achegar a documentación prevista no apartado 4º das bases reguladoras acreditativa do cumprimento dos requisitos mínimos establecidos para a praza á que opta, así como dos méritos alegados a continuación:

COMPETENCIA DOCENTE (PARA DIRECCIÓN E EXPERTOS-DOCENTES):

TÍTULO	DATA TÍTULO	

FORMACIÓN ACADÉMICA OU REGRADA:

TITULACIÓN E ESPECIALIDADE	DATA TÍTULO	





--	--	--

FORMACIÓN COMPLEMENTARIA REALIZADA NOS ÚLTIMOS 10 ANOS (Cursos de duración igual o superior a 20 horas):

NOME CURSO	CENTRO ORGANISMO /	HORAS	DATAS	

FORMACIÓN EN PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS:

NOME CURSO	CENTRO ORGANISMO /	HORAS	DATAS	

FORMACIÓN INFORMÁTICA:

NOME CURSO	CENTRO ORGANISMO /	HORAS	DATAS	

EXPERIENCIA LABORAL EN ESCOLAS OBRADOIRO-OBRADEIROS DE EMPREGO:

OBRADOIRO /ENTIDADE	ESPECIALIDADE IMPARTIDA	DATA INICIO-FIN	

EXPERIENCIA LABORAL EN FORMACION OCUPACIONAL OU REGRADA (DOCENCIA):

ENTIDADE/CENTRO	ESPECIALIDADE	DATA INICIO-FIN	
-----------------	---------------	-----------------	--





EMPREGO
GALICIA



Cofinanciado pola
Unión Europea



Sistema Nacional de
Garantía Juvenil



Fondos Europeos



OUTRA EXPERIENCIA PROFESIONAL RELACIONADA:

EMPRESA/ENTIDADE	POSTO E CATEGORÍA	DATA INICIO-FIN	

CURSOS DE GALEGO (Indicar só o curso de maior nivel realizado/homologado):

CURSO / DIPLOMA / NIVEL	CENTRO	DATA	

SITUACIÓN DE DESEMPREGO (NON SE CONSIDERA A SITUACIÓN DE MELLORA DE EMPREGO)

☐ SI ☐ NON

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos que figuran nesta solicitude.

En Redondela, de de 2026

Sinatura:

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE REDONDELA





EMPREGO
GALICIA



Cofinanciado pola
Unión Europea



Sistema Nacional de
Garantía Juvenil



Fondos Europeos



ANEXO II- ACEPTACIÓN OU RENUNCIA DA PRAZA

PROCESO DE SELECCIÓN DO PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE E DE APOIO DO PROGRAMA DE FORMACIÓN- EMPREGO TALENTO MOZO DE REDONDELA, PARA PERSOAS MOZAS INCLUÍDAS NO FICHEIRO DO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL PROMOVIDO POLO CONCELLO DE REDONDELA..

DATOS IDENTIFICATIVOS DA PERSOA CANDIDATA

Nome e apelidos			
DNI / NIE		Data nacemento	
Enderezo			
Concello		CP	
Teléfono fixo		Teléfono móbil	
Correo electrónico			

Persoa participante no proceso de selección do persoal directivo, docente e de apoio do PROGRAMA DE FORMACIÓN-EMPREGO TALENTO MOZO DE REDONDELA, e seleccionada para a praza de:

.....

☐ ACEPTO A PRAZA

☐ RENUNCIO Á PRAZA

En Redondela, de de 2026

Sinatura:

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE REDONDELA

